

Estimados pastores de abellas e amigos da natureza:

Iniciamos a celebración do noso 25º Aniversario. AGA Ferrolterra xá leva un cuarto de século formando abelleiros e divulgando o fastinante mundo das abellas, por que entendemos que dandoas a coñecer e o mellor xeito de protexelas.

Tal como un mozo de 25 anos, moito hemos camiñado, pero moito mais camiño quedanos por percorrer. Sentimos que temos moita vida por diante, con sinsabores e desilusións, con alegrías e obxetivos por cumprir.

Sabendo que non estamos solos, sinon que somos moitísimas as persoas que aunamos esforzos en pos de un mundo non que non existan excluídos sociais nin ambientais, non que a xusticia, o amor e a solidariedade, vayan ganándolle espacio cada día ao odio, o egoísmo e as ansias de diñeiro e poder. Cada un de nosoutros pode e debe facer seu aporte, sumar seu graniño de area, para que unha sociedade humana con valores mais altruistas sea posible.

Brindamos con vosoutros, na distancia, por estes primeiros 25 anos de loita e por os moitos que vendrán, hombro con hombro, por un mundo mellor para tod@s.

XORNADA TÉCNICA no Parque Aldea Nova (Sedes – Narón).- Sábado, 12 de Xunio.-

10:30 Horas. Visualización do vídeo “Profilaxis en Apicultura” editado por o Ministerio de Agricultura.

11:30 Horas. Charla sobre enfermidades das abellas.-

Ponente: Gonzalo Calvo Díaz, veterinario especializado nas abellas. Realizara unha exposición xeral dos males e seus remedios, facendo especial incape na varroa e na loque.

13:00 Horas. Visita guiada ao Parque.

14:30 Horas. Quen o desexe pode facer a comida nun restaurante da zona (custo por persoa.- 8,70 €).

16:30 Horas. Charla. Productos da colmea en ecolóxico.

Ponente: Equipo técnico da delegación. Producir en harmonía cós abellas e a natureza.



Como sempre a os asistentes se lles fará entrega dos temarios das charlas.

CONVENIO CO 112.- A delegación participa a nivel comarcal no convenio suscrito entre AGA e o Servicio 112 de Emerxencias para a resolución dos problemas xenerados por enxames e avispeiros. Con esta iniciativa pretendese conquistar enxames para os sócios sin abellas e obter unhos cartos que axuden as nosas contas.

II FORO APÍCOLA: APICULTURA MULTIFUNCIONAL **5 e 6 de xuño de 2010. Centro do Queixo e do Mel. Arzúa**

Non sería lóxico deixar pasar o noso “II Foro Apícola” sen potenciar a asistencia dos apicultores de Ferrolterra.

A delegación, e para servizo dos seus asociados, dispondra de un autocar para posibilitar o desplazamento o sábado día 5 de xuño a Arzúa.

Programa do viaxe formativo:

8:30 Horas (Sábado, 5 de xunio) Saída do aparcadoiro posterior do centro comercial “Dolce Vita” cerca da porta (antigo Odeon). Pregase puntualidade pois a saída non se pode demorar.

10:00 Horas.- Chegada as instalacións de AGA en Arzúa. Asistencia as xornadas técnicas e visita as instalacións de AGA e Cooperativa Erica Mel.

14:00 Horas.- Xantar no Restaurante O Gloman. Dous platôs, bebida, postre e café.- 12 €

16:00 Horas.- Duas alternativas a escoller: Permanecer e asistir as charlas do seran.ou visitar as instalacións do “Enredo do Abelleiro” en Portodemouros.

20:30 Horas.- Hora prevista de chegada.

IMPORTANTE.- O número de prazas e limitado. Para participar neste viaxe hay que inscribirse chamando a delegación antes do mércores día 2. As reservas do autobus se realizaran por riguroso orden de entrada.



II Foro Apícola: Apicultura Multifuncional.- Organizan: AGA, Asociación Galega de Apicultura e a cooperativa Erica Mel.

Para máis información, teléfono 981 508 142 - e-mail: aga@queixoemel.org – web: www.apiculturagalega.org.

Os días 5 e 6 de xuño celebramos o 30 aniversario de AGA e o 20 de Erica Mel, polo que desde as directivas de AGA e mais Ericamel convidámoslos a participar activamente nas actividades programadas.

Cada cinco anos, coincidindo cos aniversarios de AGA e mais Ericamel, organizamos o Foro apícola co obxectivo de elaborar a folia de ruta para o vindeiro quinquenio.

Co fin de promover unha apicultura sustentable dentro dunha actividade multifuncional por medio de apicultores pluriactivos, ligando o futuro da abella ao futuro do ambiente, baseados na organización, formación e innovación do sector apícola, organizamos neste ano 2010 o 2º Foro.

PROGRAMA DAS XORNADAS TÉCNICAS

Día 5 de xuño,

Ás 10 h.- Evolución da apicultura galega nos últimos dez anos por Abel Yáñez, investigador apícola. A apicultura tradicional no noroeste da Península Ibérica por Ernesto Díaz, técnico de La Jurbial Servicios Ambientales.

Ás 12 h.- Programa de abellas tolerantes á varroa por Marcos Varela e Gonzalo Calvo, ETS de AGA. Tratamentos contra a varroa, campaña 2010 por Pablo Fernández Rivera, Servizos de Dotación de Medios da Consellería do Medio Rural.

Ás 16 h.- Centros de visitantes e rutas do mel por Xesús Asorey, Casa das Abellas. Análise laboratorial do mel por Noelia Gabeiras da Casa do Mel.



Ás 17 h.- O mel na cociña. Elaboración de tres platos e degustación polos asistentes: Ensalada verde con mel de prado; chutmey de verduras con mel de brezo ou castiñeiro; plátanos flambados con mel milflores, por Antonio Gómez Pajuelo, consultor apícola de Castellón.

Día 6 de xuño,

Ás 10 h. Mesa redonda

. Comercialización dos produtos apícolas polos apicultores; control de calidade e trazabilidade; envasado, etiquetado, facturación. Prezos. Venda directa, feiras, comercio minorista. Prezos.

Por Miguel Méndez, IXP-AGA; Xosé Manuel Docampo, IXP-Ericamel, e Gonzalo Calvo, ETS-AGA; Santiago Gonzalez, Comunidade de Montes de Mouriscade-Mondariz.

Ás 12 h.- Asemblea xeral de Erica Mel

Ás 14 h.- Xantar en Portodemouros, O Enredo do abelleiro

ACTIVIDADES PARALELAS

Expo AGA, 30 anos facendo camiño.- Escolma de publicacións recibidas na sede de AGA durante os trinta anos de historia e materiais editados por AGA (revistas, folletos, carteis, deseños...).

Obradoiros.- Cerámica, elaboración de meleiras de Gundivós, por Tomás López.

Elaboración de candeas, por Julio López e Jesús Pico.

Elaboración de cortizos tradicionais do Xurés, por Celso Couso

Expo-tenda: produtos da colmea. Meleiras de cerámica.

Feira de material apícola.

Apicultores distinguidos, por toda unha vida apícola.

Concurso de mel.

Entrega de prêmios.

Portas abertas no Enredo do Abelleiro



Día 6 de xuño

Xantar nunha carpa a carón do encoro de Portodemouros. - Música, a cargo do grupo 'Penas de Rodas'.

Entrega de distincións

APINOTICIA.- A Consellería do Medio Rural vai enviarlles unha carta sobre a subvención dos tratamentos para a varroa deste ano 2010. Os produtos e os prezos que terá que pagar o apicultor despois da subvención do 50% serán:

- O CHECH-MITE en envase para 5 colmeas custará.....16,05 Euros
- O APIGUARD en envase para 5 colmeas custará.....15,14 Euros
- O THYMOVAR en envase para 5 colmeas custará.....15,14 Euros

Os que queiran tratar co APISTAN que se viña usando poden solicitalo a AGA.

APISTAN en sobres para 5 colmeas proporcionado por AGA.....14,00 Euros

Poden pedilo mediante chamada telefónica a AGA, se o piden antes do 28 de maio xa poden retiralo en Arzúa os días 5 e 6 de xuño, para isto deberán traer o libro de explotacións apícolas para a receita.

Logo podeno pedir ata o día 1 de xullo e xa se lle avisará como retiralo e receiptalo por medio do servizo veterinario de AGA.

Os que queiran algún dos produtos propostos pola Consellería que fagan os trámites que lles indican na carta, que é como en anos anteriores previo pago do custe. O veterinario de AGA tamén facilitaráas receitas, por medio das delegacións, aos que soliciten estes produtos.

ATENCIÓN AOS SOCIOS.-

No Centro do Queixo e do Mel, Arzúa.

Horario: De 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario.

Tel.: 981 508 142 e 630 069 637

e-mail: aga@queixoemel.org – aga@corevia.com

Web: www.apiculturagalega.org

